

instrumentos que formalice o Servizo Galego de Saúde para a protección da situación de incapacidade temporal e permiso por maternidade dos facultativos especialistas das institucións sanitarias de atención especializada dependentes deste organismo.

Artigo 5º.-Comisión de seguimento do acordo.

Para levar a efecto o desenvolvemento deste acordo, constituirase unha comisión de seguimento na cal estarán representadas as organizacións asinantes e a Administración. Corresponderalle a dita comisión resolver as cuestións que se susciten na interpretación e execución do acordo; en particular, e ademais doutras intervencións expresamente referidas no clausulado, correspóndelle ao dito órgano participar no seguimento da aplicación inicial nos centros, co fin de procurar o tratamento homoxéneo en canto a xornada, retribucións e condicións de traballo. Neste cometido poderanse solicitar os informes necesarios e responder ás incidencias que se presenten na execución nas diversas unidades.

Así mesmo, elaborará un proxecto dirixido á dirección do Sergas que permita a mobilidade do persoal médico de urxencias hospitalarias a outras unidades do Sergas co obxecto de dotarlles dun itinerario profesional.

Artigo 6º.-Desenvolvemento regulamentario.

A Administración da Xunta de Galicia ditará as disposicións regulamentarias necesarias para a aplicación e execución deste acordo.

Disposición derradeira

Entrada en vigor: este acordo terá efectividade aos 20 días da súa publicación no DOG, coa excepción das disposicións relativas a xornada e retribucións que terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2007, unha vez que se aproben os programas funcionais, e as disposicións regulamentarias de conformidade co establecido na disposición adicional anterior.

Resolución conxunta do 17 de abril de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e da División de Asistencia Sanitaria, pola que se ordena a publicación do acordo suscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT polo que se melloran as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación deste organismo.

No marco da mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Sergas, tras o proceso negociador levado a cabo, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT acadaron o

acordo polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde, que foi asinado polos representantes da Consellería de Sanidade e as citadas organizacións sindicais o día 23 de febreiro de 2007.

O acordo anexo tivo lugar con base no disposto no artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, modificado pola Lei 18/1994, do 30 de xuño, e de acordo co previsto no artigo 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

O contido do acordo é o que figura como anexo a esta resolución, que foi autorizado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de marzo de dous mil sete.

Para xeral coñecemento, de acordo co disposto no artigo 36 da Lei 9/1987, faise necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

RESOLVEN:

Dispoñer a publicación do acordo polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde, que foi asinado polos representantes da Consellería de Sanidade e as citadas organizacións sindicais o día 23 de febreiro de 2007.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2007.

Cayetano Rodríguez Escudero
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

Julio Villar Barreiro
Director xeral da División de Asistencia Sanitaria
do Servizo Galego de Saúde

ANEXO

Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde

O artigo 55 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia dispón que se promoverá a participación dos traballadores na determinación das súas condicións de traballo, a través dos órganos lexitimados de representación e negociación colectiva.

A creación da figura dos internos residentes tivo lugar polas ordes ministeriais do 3 de setembro de 1969 e 28 de xullo de 1971. Posteriormente, a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, na súa disposición adicional primeira, dá un mandato ao goberno para a aprobación dun real decreto que regule a relación laboral de carácter especial deste persoal, estable-

cendo un marco xeral e homoxéneo para todo o persoal, con independencia do centro que se responsabilice da súa formación.

O Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en ciencias da saúde, e no seu artigo 1.4º determina que «Os dereitos e obrigas concernentes á relación laboral de carácter especial de residencia regularanse por este real decreto e, con carácter supletorio, polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, pola demais lexislación laboral que lle sexa de aplicación, polos convenios colectivos e pola vontade das partes manifestada nos contratos de traballo, sen que, en ningún caso, se poidan establecer neles condicións menos favorables ao traballador ou contrarias ás previstas nas disposicións legais e convenios colectivos antes referidos».

Este acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde persegue, fundamentalmente, tres obxectivos. Dunha banda, incrementar a calidade das condicións laborais e formativas do persoal vinculado co Servizo Galego de Saúde mediante relación laboral de carácter especial de residencia, o que redundará na preparación dos futuros especialistas, cunha incidencia fundamental na prestación de servizos nas institucións sanitarias que forman parte do Sergas. Por outra banda, equilibrar as condicións de traballo do persoal residente en formación coas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde cos que comparten a actividade. En terceiro lugar, por medio deste acordo acadase unha adecuación das condicións laborais dos residentes ao establecido no recentemente aprobado Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro.

En materia de xornada laboral e descansos, o artigo 5 do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, dispón que o tempo de traballo e o réxime de xornada e descansos serán os establecidos no ámbito dos servizos de saúde, establecendo a determinación da xornada mediante convenio colectivo ou, no seu defecto, mediante normas, pactos ou acordos para o persoal estatutario da especialidade correspondente.

Nesta materia este acordo establece unha xornada ordinaria de 1.624 horas anuais, que é a maioritaria para o persoal do Sergas.

O número máximo de gardas límitase polo citado real decreto a sete gardas ao mes, neste acordo establécese, como norma cinco, que poderán ampliarse ata sete por necesidades formativas. O acordo reconece, en concordancia co real decreto, un descanso ininterrompido de 12 horas entre xornadas e os descansos compensatorios previstos para o persoal estatutario no estatuto marco.

O real decreto, no seu artigo 7, establece as retribucións mínimas dos residentes, que abranguen os seguintes conceptos: o soldo base do persoal estatutario do servizo de saúde en función do título exixido para o desempeño da súa profesión, o complemento de formación, cuxa contía se establece aplicando unha porcentaxe sobre o soldo base (8, 18, 28, 38 segundo o curso no que se atopen desde o 2º), e dúas pagas extraordinarias que abranguen o soldo e o complemento de grao de formación. As ditas contías, cumprindo así o establecido na disposición transitoria segunda do real decreto, serán aplicadas polos servizos de saúde das comunidades autónomas de xeito gradual, tendo en conta a diferenza de contías existente entre as que perciben os residentes e as establecidas no artigo 7, da seguinte maneira: o 25% a partir da entrada en vigor do real decreto e con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2006, outro 25% a partir do 1 de xaneiro de 2007, e o 50% restante a partir do 1 de xaneiro de 2008.

As retribucións fixas mensuais do persoal residente derivadas da aplicación do acordo supoñen a plasmación do mandato establecido no real decreto.

O acordo negociado dispón un incremento da retribución da atención continuada do persoal residente dun 7%, de xeito adicional e independente do establecido con carácter xeral nas sucesivas leis de orzamentos, nos anos 2007, 2008 e 2009. Ademais, a prestación efectiva de atención continuada nos días 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro retribuirase coa percepción adicional da contía do módulo correspondente.

A estas melloras súmanse outra serie de medidas coas que se equiparan as condicións de traballo do persoal residente en formación coas do persoal estatutario en materia de permisos e licencias, manutención e locais de descanso, así como responsabilidade derivada de posibles danos.

É salientable a importante mellora das prestacións sociais en caso de baixa por incapacidade temporal, risco por embarazo ou maternidade, nos cales se completará a prestación da Seguridade Social ata acadar a contía do soldo base e o complemento de grao de formación que viña percibindo o residente.

Este acordo foi negociado no seo da mesa sectorial de Sanidade con data 19 de decembro de 2006, e unha vez solicitados os informes preceptivos, así-nase o 23 de febreiro de 2007.

Acordo

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Persoal vinculado ou que se vincule no futuro co Servizo Galego de Saúde mediante relación laboral de carácter especial de residencia para a formación de especialistas en ciencias da saúde (artigo 20 da LOPS).

Artigo 2º.-Obxecto.

Mellora global das condicións de traballo e retributivas nos seguintes aspectos:

- a) Tempo de traballo e réxime de descansos.
- b) Retribucións: fixas, retribucións por atención continuada e retribucións por atención continuada en días de especial significación.
- c) Permisos e licenzas.
- d) Mellora de prestacións.
- e) Manutención e locais de descanso.
- f) Desprazamentos.
- g) Programación da atención continuada.
- h) Responsabilidade e ordenación da actividade.

Artigo 3º.-Vixencia.

-Do 1 de xaneiro de 2007 ata o 31 de xaneiro de 2009.

-Efectos económicos: desde o 1 de xaneiro de 2006, coas seguintes excepcións:

-Retribución da atención continuada: 1 de xaneiro de 2007.

-Retribución adicional dos días de especial significación: aplicarase a partir dos días 24, 25 e 31 de decembro de 2006.

Artigo 4º.-Comisión de seguimento.

Para levar a cabo o desenvolvemento do acordo e resolver as incidencias que poidan derivar da súa aplicación e interpretación, créase unha comisión de seguimento coas partes asinantes deste.

Artigo 5º.-Tempo de traballo e réxime de descansos.

O tempo de traballo e o réxime de descansos serán os establecidos na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco, coas seguintes particularidades:

1. Xornada ordinaria: será de 1.624 horas anuais.
2. Xornada complementaria: o residente realizará os módulos de garda de presenza física ou a prestación da atención continuada que sexan precisos para atender as necesidades organizativas do centro e de acordo co programa formativo.

-Os residentes en programas de formación sanitaria especializada para licenciados non realizarán, con carácter xeral, máis de cinco gardas ao mes. Este número de gardas poderá ampliarse ata sete por necesidades formativas.

-Os servizos que presten en concepto de atención continuada os residentes en programas de formación sanitaria especializada para diplomados realizaranse necesariamente na noite do venres ou na noite do sábado, cun máximo de dúas noites ao mes.

3. Descanso diario: o persoal residente terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido de 12 horas entre xornadas.

Cando as necesidades formativo-asistenciais derivadas da atención permanente nos centros impidan

o desfrute do referido período de descanso, aplicarase o réxime de compensación por descansos alternativos establecido no estatuto marco.

4. Horario: o horario da actividade do residente, tanto en xornada ordinaria como complementaria, adaptarase ás características organizativas da unidade en que presten servizos de acordo co programa formativo.

Artigo 6º.-Retribucións.

1. A retribución fixa mensual do persoal residente (soldo e retribución complementaria) incrementarase ata acadar as seguintes contías:

Residentes licenciados
(referencia: soldo base persoal estatutario licenciado 2006)

Grao de formación	2006 (€)	2007 (€)	2008 (€)
I	953,08	1.007,32	1.135,11
II	1.030,75	1.089,00	1.225,92
III	1.132,92	1.194,97	1.339,43
IV	1.223,86	1.292,36	1.452,94
V	1.314,80	1.389,76	1.566,45

Residentes diplomados
(referencia: soldo base persoal estatutario diplomado 2006)

Grao de formación	2006 (€)	2007 (€)	2008 (€)
I	809,77	855,59	963,37
II	875,76	924,96	1.040,44

2. A retribución da atención continuada do persoal residente incrementarase sucesivamente, nos anos 2007, 2008 e 2009, nun 7%. Este incremento será adicional e independente do establecido con carácter xeral nas sucesivas leis de orzamentos.

3. Retribución da atención continuada en días de especial significación: a prestación efectiva de atención continuada nos días 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro retribuirase coa percepción adicional da contía do módulo correspondente.

Artigo 7º.-Outras.

1. Permisos e licenzas: o persoal residente, para os efectos de réxime de permisos e licenzas, recibirá o mesmo tratamento que o persoal estatutario, licenciado ou diplomado sanitario, da institución en que preste servizos. Para a concesión dos permisos e licenzas atenderase primordialmente ao cumprimento do programa formativo e ás necesidades asistenciais, de acordo coa programación da actividade do centro.

2. Mellora de prestacións: en caso de baixa por incapacidade temporal, situación de risco por embarazo ou maternidade, completarse a prestación da Seguridade Social ata acadar a contía do soldo base e o complemento de grao de formación que viña percibindo o residente.

3. Manutención e locais de descanso: para os efectos de manutención e disposición de locais de descanso durante a xornada de traballo, o persoal resi-

dente recibirá o mesmo tratamento que o persoal de cadro da unidade en que preste servizos.

4. Desprazamentos: os residentes que teñan que prestar servizos en centros situados fóra do municipio do centro docente a que figuren adscritos, e distantes en máis de 30 quilómetros deste, terán dereito a percibir os gastos de desprazamento nos termos previstos na normativa reguladora das indemnizacións por razón de servizo.

5. Programación da atención continuada: os residentes terán dereito a coñecer a programación da súa actividade de atención continuada (gardas) cunha antelación mínima de 15 días.

6. Para os efectos de responsabilidade derivada dos posibles danos ocasionados como consecuencia das intervencións do persoal residente, garáteselle idéntico tratamento que o establecido para o resto do persoal do Sergas.

7. Ordenación da actividade e responsabilidades dos residentes: constituirase un grupo de traballo, entre representantes do organismo e as organizacións asinantes, para que ao longo de 2007 emita unha proposta sobre estas materias.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 19 de abril de 2007 pola que se modifica a composición dos tribunais que deberán cualificar os procesos selectivos para o acceso ás distintas categorías do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polas quendas de acceso libre e promoción interna e cambio de categoría.

Presentadas renuncias por algúns dos compoñentes dos tribunais designados para cualificar os procesos selectivos para o acceso ás distintas categorías do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polas quendas de acceso libre e promoción interna e cambio de categoría, nomeados pola Orde do 9 de abril de 2007 (DOG nº 72, do 13 de abril), e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Aceptar a renuncia presentada por M^a Ángeles López Pérez como vogal titular do tribunal V-A designado para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outras) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polas quendas de acceso libre e promoción interna e cambio de categoría.

Nomear como vogal titular do dito tribunal a M^a Josefa Neira Neira.

Segundo.-Aceptar a renuncia presentada por Manuel Lodeiro Mouro como vogal titular designado polas organizacións sindicais do tribunal V-C encargado de cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 003 (ordenanza//telefonista e outras) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polas quendas de acceso libre e promoción interna e cambio de categoría.

Deixar sen efecto o nomeamento de José Antonio Barreiro Rodríguez como vogal suplente designado polas organizacións sindicais do dito tribunal, que pasa a ser vogal titular do tribunal V-C, e nomear como vogal suplente deste último a José María García Rodríguez.

Terceiro.-Aceptar a renuncia presentada por Carmen Prieto Ramos como secretaria titular do tribunal V-E designado para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 10E (vixilante de arquivos, bibliotecas e museos) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polas quendas de acceso libre e promoción interna e cambio de categoría.

Deixar sen efecto o nomeamento de Xosé Manuel Méndez Vieitez como secretario suplente do dito tribunal, que pasa a ser secretario titular do tribunal V-E, e nomear como secretaria suplente deste último a M^a Dolores Pereira Oliveira.

Aceptar a renuncia presentada por M^a Asunción Díaz Bernárdez como vogal titular do tribunal V-E designado para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 10E (vixilante de arquivos, bibliotecas e museos) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polas quendas de acceso libre e promoción interna e cambio de categoría.

Nomear como vogal titular do dito tribunal V-E a Olimpia López Rodríguez.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Resolución do 17 de abril de 2007 pola que se anuncia o concurso público aberto, trámite urxente, para as obras de reforma e ampliación da escola infantil Santa María do Campo en Ribadeo (Lugo).

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, unha vez cumpridos os trámites administrativos